

ESA

ÁMBITO DE SOCIEDADE

Centro: IES de Mugaros

Curso: 2019-2020

Profesor: **Miguel García Valencia**

O currículo do *ámbito de sociedade* para a educación de persoas adultas pode parecer moi amplo se non se ten en conta o seu carácter aberto e flexible. Así, deberá ser o profesorado quen, considerando as necesidades e intereses das persoas adultas e os seus esquemas de coñecementos, determine o grao de afondamento nos contidos dos diferentes módulos, necesario para a consecución das capacidades establecidas nos obxectivos xerais deste ámbito. De seguido, facemos nosas as especificacións propostas na Orde do 20 de marzo de 2018 para o ensino de persoas adultas.

CONTIDOS IMPARTIDOS

NIVEL II

Módulo 3:

Unidade 1: A Terra, representación relevo e medio físico

Unidade 2: A actividade económica

Unidade 3: A Prehistoria e as primeiras civilizacións urbanas

Unidade 4: A Idade Antiga. As civilizacións clásicas

Unidade 5: A Época Medieval

Módulo 4:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 41 DE 44	CENTRO:IES DE MUGARDOS CURSO:2019-2020 MATERIA:XXEOGRAFÍA E HISTORIA
--	-----------------	--

Unidade 6: A Época Moderna

Unidade 7: Séculos XVIII-XIX. Crise do Antigo Réxime, revolucións burguesas. Revolución Industrial (en curso)

1. Criterios de avaliación

- Comprender a trascendencia do redescubrimento de América
- Valorar a existencia das civilizacións precolombinas
- Distinguir e clasificar os principais trazos artísticos do Renacemento e do Barroco
- Contextualizar a motivación das Reformas relixiosas e analizar o papel dos credos nas sociedades actuais.
- Coñecer o alcance da Ilustración en Europa e en América.
- Comprender o inicio da Idade Contemporánea desde unha perspectiva social, política e económica.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Durante o primeiro módulo, dividido en dúas avaliacións, fixemos un total de tres probas repartidas ao longo do cuatrimestre. Cada unha sumaba un tercio da nota total ata sumar 100%. No segundo módulo tivemos ocasións de realizar unha proba escrita. Non obstante, o carácter flexible da ESA dá lugar a reservar ata unha subida de 3 puntos na nota en relación a factores motivadores como asistencia, participación, tarefas, etc.
	Instrumentos: Exames, participación diaria
Cualificación final	A nota final obtense da media aritmética dos dous módulos (III e IV), tendo en conta que o resultado do 2º módulo é froito da nota da proba mais a subida de ata 5 puntos grazas ás tarefas elaboradas durante o confinamento.

Proba extraordinaria de setembro	A proba de setembro contéplase para aqueles casos puntuais que obtiveron unha nota inferior a 5 (media do 1º e 2º módulo contando no segundo a suma das actividades feitas durante o confinamento). O exame comprende toda a materia cursada nas aulas.
---	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Programouse a entrega dun máximo de 5 tarefas: -Traballo sobre as pandemias históricas -Encrucillado sobre personaxes históricos estudados na aula -Cuestionario sobre o tema 7 -Tarefa sobre a experiencia migratoria familiar -Elaboración dun mapa mudo da Unión Europea
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O mecanismo empregado para a comunicación co alumnado da ESA é vía correo electrónico a través da conta particular do docente.
Materiais e recursos	Apuntamentos na aula, fotocopias, esquemas, mapas, material audiovisual, internet

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico corporativo Correo electrónico persoal
Publicidade	Páxina web do centro

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 43 DE 44	CENTRO:IES DE MUGARDOS CURSO:2019-2020 MATERIA:XXEOGRAFÍA E HISTORIA
---	-----------------	--